

GUÍA DOCENTE DE **GAITAS DOUTRAS TRADIÇÕES LOCAIS E TIPOLOXÍAS**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN								
DISCIPLINA: GAITAS DOUTRAS TRADIÇÕES LOCAIS E TIPOLOXÍAS								
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO		Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE		Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO		IMTP	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
ECTS/CUAD.					3			
							Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento da morfoloxía, funcionamento, o son e a construción das gaitas; parentescos e diferenzas entre os diferentes tipos de gaitas existentes (punteiros cónicos e cilíndricos, número de bordón, afinacións, etc.). Recoñecemento visual e auditivo das diferentes gaitas e das súas especificidades interpretativas.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Gaita
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T8, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X9, X11, X17, X20, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer a orixe e evolución das cornamusas, formas, tipos e características fundamentais morfolóxicas e tímbricas.	Todas
Comprender os fundamentos físicos da produción de son dos diferentes tipos de cornamusas, así como as características máis relevantes.	Todas
Aprender a clasificar as cornamusas de diferentes épocas e culturas en distintos grupos e familias en función de diversos criterios.	Todas
Coñecer o uso e función das cornamusas dende unha perspectiva antropolóxica.	Todas

4. CONTIDOS	
Morfoloxía e clasificación	
Chirimías	



Cornamusas primitivas
Cornamusas europeas orientais
Cornamusas europeas occidentais
A gaita na Península Ibérica
Cornamusas barrocas e derivadas

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*